

**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2018 (expte. 99-143).

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación da liquidación dos orzamentos do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2018, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria y Sustentabilidade Financeira, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

Informe:**Primelro.- Normativa de aplicación.**

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2019 08:55

Páxina 1 de 18

Expediente 99/143

CSV: 24E757-8F4442-BE532D-QC5QTP-GBV3PS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

Segundo.- Ámbito de aplicación subxectivo.

Relación de entidades que integran a Corporación Local en termos SEC (entidade local principal e os seus dependentes sectorizados como AA.PP) no exercicio de referencia:

- Administración Xeral do Concello de Vigo.
- Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Fundación Marco.
- Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI).
- Fundación Vigo Convention Bureau.

Terceiro.- Tramitación.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Cuarto.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de xullo de 2017, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2018-2020, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades Locais os seguintes obxectivos:



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Obxectivos	2018	2019	2020
Obxectivo de estabilidade orzamentaria	0,0%	0,0%	0,0%
Obxectivo de débeda pública	2,7%	2,6%	2,5%
Regra de gasto (% variación anual)	2,4%	2,7%	2,8%

En conclusión, no que se refire ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo.

Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.

Segundo o Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais publicado pola IGAE, o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento obtense por diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

CAPÍTULO	INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)	CONCELLO DE VIGO	XERENCIA URBANISMO
1	Impostos Directos	110.306.866,98	0,00
2	Impostos Indirectos	9.096.860,78	0,00
3	Taxas e outros Ingresos	42.591.427,98	1.277.719,99
4	Transferencias Correntes	78.920.695,95	6.065.365,00
5	Ingresos Patrimoniais	2.643.510,64	41.771,84
A	Total Ingresos Correntes	243.559.362,33	7.384.856,83
6	Enaxenación Inversións Reais	8.241.168,00	4.635.166,79
7	Transferencias de Capital	7.757.199,58	1.944.998,24
B	Total Ingresos por Oper. de Capital non Financeiras	15.998.367,58	6.580.165,03
I = A + B	Total Ingresos por Operacións non Financeiras	259.557.729,91	13.965.021,86

CAPÍTULO	GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS)	CONCELLO DE VIGO	XERENCIA URBANISMO
1	Gastos de persoal	61.477.521,34	3.618.224,67
2	Gastos en bens ctes. e servizos	116.263.999,08	1.408.921,08
3	Gastos financeiros	0,00	0,00
4	Transferencias correntes	31.632.302,61	1.325.512,47
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00
C	Total Gastos Correntes	209.373.823,03	6.352.658,22



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

6	Inversións Reais	55.031.498,53	380.155,24
7	Transferencias de Capital	270.470,75	4.293.231,62
D	Total Gastos por Oper. de Capital non Financeiras	55.301.969,28	4.673.386,86
II = C + D	Total Gastos por Operacións non Financeiras	264.675.792,31	11.026.045,08
I - II	Resultado das Operacións non Financeiras	-5.118.062,40	2.938.976,78

Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

Axuste 1: Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).

En contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, polo que nos Capítulos 1, 2 e 3 dos orzamentos de ingresos debe considerarse o importe total recadado en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Deste xeito, se o importe dos dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuírá o déficit en contabilidade nacional.

CONCELLO DE VIGO							
Capítulo	Contabilidade orzamentaria				Contabilidade nacional	Axuste	
	Dereitos recoñecidos	Recad. ex. corrente	Recad. ex. pechados	Total Recadación	Importe	Maior déficit	Menor déficit
1. Imp. Directos	110.306.866,98	102.548.816,12	5.907.845,29	108.456.661,41	108.456.661,41	1.850.205,57	
2. Imp. Indirectos	9.096.860,78	9.025.178,63	25.480,34	9.050.658,97	9.050.658,97	46.201,81	
3. Taxas e outros ingr.	42.591.427,98	37.556.669,54	2.502.252,72	40.058.922,26	40.058.922,26	2.532.505,72	
Total	161.995.155,74	149.130.664,29	8.435.578,35	157.566.242,64	157.566.242,64	4.428.913,10	
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO							
Capítulo	Contabilidade orzamentaria				Contabilidade nacional	Axuste	
	Dereitos recoñecidos	Recad. ex. corrente	Recad. ex. pechados	Total Recadación	Importe	Maior déficit	Menor déficit
3. Taxas e outros ingr.	1.277.719,99	1.105.662,71	24.260,46	1.129.923,17	1.129.923,17	147.796,82	



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Axuste 2: Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, outro axuste que debe realizarse constitúe o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2018 (+)	543.137,28
Devolución liquidación PIE 2009 en 2018 (+)	2.110.929,24
Devolución liquidación PIE outros exercicios en 2018 (+)	0,00
Entrega a conta mes 12/2017 ingresada en 01/2018 (-)	-6.316.670,04
Entrega a conta mes 12/2018 ingresada en 01/2019 (+)	6.756.765,14
Total	3.094.161,62

Polo tanto, haberá que practicar un axuste positivo (menor déficit) por importe de 3.094.161,62 euros.

Axuste 3: Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao Orzamento de Gastos.

A aplicación do principio do debeño para o rexistro das obrigacións implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

Por tanto, se o saldo final da conta 413 é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuindo) o déficit da Corporación Local.

CONCELLO DE VIGO	
Saldo conta 413 a 1 de xaneiro	842.477,17
Saldo conta 413 a 31 de decembro	999.609,09
MAIOR GASTO NON FINANCEIRO	157.131,92



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org**Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:**

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade/necesidade de financiamento.

CONCEPTOS	CONCELLO DE VIGO	XERENCIA URBANISMO
Dereitos Recoñecidos capítulos I a VII orzamento corrente	259.557.729,91	13.965.021,86
Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	264.675.792,31	11.026.045,08
a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO	-5.118.062,40	2.938.976,78
AXUSTES		
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	-1.850.205,57	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	-46.201,81	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	-2.532.505,72	-147.796,82
Axuste por Impostos cedidos e FCF	3.094.161,62	0,00
Gastos realizados no exercicio pend. aplicar ao orzamento	-157.131,92	0,00
Axuste por devolucións de ingreso pendentes de aplicar	0,00	0,00
Outros	0,00	0,00
b) TOTAL AXUSTES	-1.491.883,40	-147.796,82
c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b)	-6.609.945,80	2.791.179,96

Informe de evaluación-resultado de estabilidade orzamentaria grupo Administración Pública Concello de Vigo:

Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade/ Necesidade de financ.
Concello Vigo	259.557.729,91	264.675.792,31	-1.491.883,40	0,00	-6.609.945,80
Xerencia Urbanismo	13.965.021,86	11.026.045,08	-147.796,82	0,00	2.791.179,96
Fundación Marco	795.811,53	758.527,13	0,00	0,00	37.284,40
Fundación Vigo Convention Bureau	481.670,07	451.840,64	0,00	0,00	29.829,43
FAIMEVI	22.818,48	12.642,10	0,00	0,00	10.176,38
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO					-3.741.475,63



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

A corporación Local non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria botando a liquidación dos orzamentos do exercicio 2018 das entidades que conforman o perímetro de consolidación do Concello de Vigo un déficit, en termos de capacidade de financiamento SEC 2010, de 3.741.475,63 euros.

Sexto.- Cumprimento da Regra de Gasto.

Para as Corporacións locais (artigo 12 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación do gasto computable entre dous exercicios económicos non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, fixada polo Goberno para o ano 2018 no 2,4%.

Enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

Cálculo do gasto computable.

CONCEPTO	CONCELLO	XERENCIA URBANISMO
Empregos non financeiros excepto intereses débeda	264.675.792,31	11.026.045,08
AXUSTES según o SEC		
(-) Alleamento inversións reais	-8.241.168,00	-4.635.166,79
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra AAPP	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Achegas de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto	157.131,92	0,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Priv.	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	0,00



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

(+) Préstamos	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00	0,00
(-) Pagos a outras AAPP vinculadas ao financiamento global da súa actividade (MAIV, ELM Bembrive).	-452.183,27	0,00
Total axustes SEC	-8.536.219,35	-4.635.166,79
Empregos non financeiros SEC excepto intereses débeda	256.139.572,96	6.390.878,29
(-) Pagos por transferencias y otras operacións internas	6.958.400,00	5.465.471,47
<i>Transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo</i>	<i>5.823.400,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Marco</i>	<i>605.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Laxeiro</i>	<i>80.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Liste</i>	<i>125.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Vigo en Deporte (VIDE)</i>	<i>125.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia á Fundación Vigo Convention Bureau</i>	<i>200.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Transferencia ao Concello de Vigo</i>	<i>0,00</i>	<i>5.465.471,47</i>
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	10.350.396,87	346.237,62
<i>UE</i>	<i>387.499,23</i>	<i>0,00</i>
<i>Estado</i>	<i>1.437.942,03</i>	<i>57.561,48</i>
<i>Comunidade Autónoma</i>	<i>4.600.473,08</i>	<i>288.676,14</i>
<i>Deputacións</i>	<i>3.924.482,53</i>	<i>0,00</i>
Total de Gasto computable do exercicio	238.830.776,09	579.169,20
Diminución gasto computable por inversións financeiramente sostibles (DA 8 LO 9/2013)	11.412.468,42	0,00
Gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra	227.418.307,67	579.169,20

Información para a aplicación da regra de gasto. Entes dependentes sectorizados como Administración Pública.

Ente	FAIMEVI	Fundación MARCO	Vigo Conv. Bureau
Aprovisionamientos	0,00	49.076,41	7.425,00
Gastos de personal	0,00	226.803,86	160.764,12
Otros gastos de explotación	12.608,36	481.214,00	283.651,52
Impuesto de sociedades	0,00	0,00	0,00
Otros impuestos	0,00	0,00	0,00
Gastos excepcionales	0,00	0,00	0,00
Variaciones del Inmov. material e intangible; de inv. inmobiliarias; de existencias	0,00	0,00	0,00



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Variación de existencias de productos terminados y en curso de fabricación, cuenta de PyG (1)	0,00	0,00	0,00
Aplicación de Provisiones	0,00	0,00	0,00
Inversiones efectuadas por cuenta de la Entidad local	0,00	0,00	0,00
Ayudas, transferencias y subvenciones concedidas	0,00	0,00	0,00
Empleos no financieros termos SEC excepto intereses de la deuda	12.608,36	757.094,27	451.840,64
(-) Pagos por transferencias (y otras operaciones internas) a otras entidades que integran la Corporación Local (2)	0,00	0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	0,00	0,00	0,00
Unión Europea	0,00	0,00	0,00
Estado	0,00	0,00	0,00
Comunidad Autónoma	0,00	0,00	0,00
Diputaciones	0,00	0,00	0,00
Otras Administraciones Públicas	0,00	0,00	0,00
Gasto computable do exercicio	12.608,36	757.094,27	451.840,64

Detalle do gasto financiado con fondos finalistas das AAPP.**I.- Concello de Vigo.**

Código proxecto	Axente financiador	Descripción	C.F.	Gasto 2018	Axuste en RG
14933010	Deputación de Pontevedra	Obras Estadio Balaídos	50,00 %	1.207.010,79	603.505,40
18153200	Deputación de Pontevedra	Plan asfaltado	100,00 %	512.914,62	512.914,62
18153202	Deputación de Pontevedra	Carril bici Teis-Samil	60,00 %	1.408.163,16	844.897,90
18153210	Deputación de Pontevedra	Humanización Estrada Provincial	88,51 %	444.481,24	393.410,35
18336001	Deputación de Pontevedra	Recuperación Finca Solita	100,00 %	91.577,78	91.577,78
18341005	Deputación de Pontevedra	Campionato mundial balonmán	50,00 %	100.000,00	50.000,00
18342006	Deputación de Pontevedra	Construción pavillón Quirós	58,17 %	849.000,10	493.863,36
18342007	Deputación de Pontevedra	Instalacións deportivas Romil 77	71,16 %	586.975,80	417.691,98
18342009	Deputación de Pontevedra	Mellora instalacións baixo grada Río	48,51 %	23.994,50	11.639,73
18342014	Deputación de Pontevedra	Renovación instalacións campos fútbol	60,00 %	802,37	481,42
18432009	Deputación de Pontevedra	Promoción turística	100,00 %	233.000,00	233.000,00
18338000	Deputación de Pontevedra	Festival urbano Marisqueño	45,38 %	400.000,00	181.500,00
18241012	Deputación de Pontevedra	Festival SeaFest	32,26 %	155.000,00	50.000,00
18341008	Deputación de Pontevedra	Campionato de Europa J-70 de Vela	50,00 %	50.000,00	25.000,00



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

18341012	Deputación de Pontevedra	Campionato Europa Vela Laser Master	50,00 %	30.000,00	15.000,00
Subtotal Deputación de Pontevedra					3.924.482,53
17241006	Xunta de Galicia	Vigo Capacita IV	100,00 %	209.427,79	209.427,79
17241013	Xunta de Galicia	Obradoiro Formaweb	100,00 %	67.566,25	67.566,25
18153207	Xunta de Galicia	Reforzo firme estrada Zondal	86,34 %	85.507,72	73.827,00
18172100	Xunta de Galicia	Sinalización sendeiros turísticos	81,68 %	24.486,17	20.000,00
18231006	Xunta de Galicia	Plan Local Drogas	65,69 %	89.540,09	58.816,75
18231017	Xunta de Galicia	Programas inmigración	81,38 %	38.478,00	31.313,40
18241006	Xunta de Galicia	Mellora zonas verdes e beirarrúas	100,00 %	81.207,76	81.207,76
18241007	Xunta de Galicia	Vigo Integra V	100,00 %	96.758,81	96.758,81
18241010	Xunta de Galicia	Obradoiro Formaweb II	100,00 %	67.976,72	67.976,72
18241011	Xunta de Galicia	Vigo Capacita V	100,00 %	60.703,04	60.703,04
18924014	Xunta de Galicia	Aula Cemit	100,00 %	13.309,97	13.309,97
-----	Xunta de Galicia	Plan concertado			3.024.168,66
-----	Xunta de Galicia	Programa de drogodependencia			795.396,93
Subtotal Xunta de Galicia					4.600.473,08
18241018	Administración do Estado	Vigo polo emprego da mocidade	100,00 %	142.415,16	142.415,16
-----	Administración do Estado	Subvención transporte urbano			1.295.526,87
Subtotal Administración do Estado					1.437.942,03
18153900	Unión Europea	DUSI Comunicación	80,00 %	18.834,15	15.067,32
18241051	Unión Europea	DUSI OT19 LA16 Emprendedores e nemas	80,00 %	89.539,98	71.631,98
18920712	Unión Europea	DUSI OT1 Administración Electrónica	91,00 %	70.007,70	63.707,01
18920715	Unión Europea	DUSI OT2 Plataforma Smart City	80,00 %	50.000,00	40.000,00
18920702	Unión Europea	DUSI OT1 Administración Electrónica	80,00 %	129.870,51	103.896,41
17153903	Unión Europea	DUSI Porta do Sol	100,00 %	79.086,52	79.086,52
18133004	Unión Europea	Ertico Proxecto Autopilot	100,00 %	14.109,99	14.109,99
Subtotal Unión Europea					387.499,23
Total gasto financiado con fondos finalistas das Administracións Públicas					10.350.396,87

II.- Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo.

Aplicación(s)	Axente financiador	Descrición	C.F.	Gasto 2018	Axuste en RG
2279907/2279908	Xunta de Galicia	Oficina rehabilitación	38,08 %	203.280,00	77.405,00
2270602	Xunta de Galicia	Desenvolvemento Plan Xeral	50,00 %	329.120,00	164.560,00
7801300	Xunta de Galicia / Estado	Axudas rehabilitación Casco Vello	100,00 %	78.625,62	78.625,62
7808000	Xunta de Galicia / Estado	Axudas rehabilitación Bouzas	100,00 %	25.647,00	25.647,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2019 08:55

Páxina 10 de 18

Expediente 99/143

CSV: 24E757-8F4442-BE532D-QC5QTP-GBV3PS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Total gasto financiado con fondos finalistas das Administracións Públicas

346.237,62

III.- Entes dependentes do Concello de Vigo sectorizados como Administración Pública: Fundación Marco, Fundación "Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo e "Vigo Convention Bureau".

Ningún dos entes dependentes realizou gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións públicas.

Detalle de diminución do gasto computable por inversións financeiramente sostibles executadas polo Concello de Vigo (D.A. 6ª L.O. 9/2013).**Superávit 2016:**

PROXECTO	DEFINICIÓN	ADXUDIC.	GASTO NO 2017	GASTO NO 2018
17153260	H. Mª Berdiales, Gran Vía-H.Cortes	155.597,30	0,00	146.003,83
17153261	H. P. Saavedra, sanj. badía e Enrique Lorenzo	224.554,51	0,00	213.631,75
17153262	H. Rúa Colombia	406.798,43	0,00	406.762,21
17153263	H. Vía Norte, Esc. G. Fernández a Urzaiz	1.694.162,82	0,00	1.694.162,82
17153264	H. Camilo José Cela	514.029,63	0,00	514.029,63
17153265	H. J. Frau, entre L.Mora e A.Cunqueiro	485.194,91	0,00	485.194,91
17153266	H. Rúa Fátima	175.275,00	0,00	174.846,06
17153267	H. Sanjurjo Badía co Barrio das Flores	455.218,22	0,00	455.218,22
17153268	Renovación beirarrúa, Avd. Atlántida, F.2ª	379.054,20	0,00	379.054,20
17153269	H. Perímetro ext. Alvaro Cunqueiro	1.248.866,20	0,00	1.248.866,20
17171020	Parque infantil P. Alvarado	393.700,14	0,00	392.914,69
17171001	Parque infantil en Navia	878.085,00	0,00	541.104,76
17171002	Parque skate en Navia	226.169,97	0,00	102.182,91
17171004	Parque skate en Barreiro	44.400,01	44.400,01	0,00
17171021	Parque infantil en Barreiro, ampliación	147.402,35	0,00	147.402,35
17171026	Parque infantil Praza Independencia	148.161,94	0,00	148.161,94
		7.576.670,63	44.400,01	7.049.536,48

Superávit 2017:

PROXECTO	DEFINICIÓN	IMPORTE MC	ADXUDIC.	GASTO NO 2018
18153270	H. G. Barbón entre S. Avendaño e R. Castor, marxen impar	512.138,13	Non	0,00



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

18153271	Fase 3 humanización Gregorio Espino	1.412.001,94	1.028.784,35	0,00
18153272	Humanización fase 5 Rúa Aragón	1.033.308,31	737.265,48	0,00
18153273	H. Rúa Camelias entre J.R. Jimenez e Hispanidade	2.165.000,00	1.567.027,00	362.931,94
18153274	Humanización Rúa Coutadas	275.000,00	Non	0,00
18153275	Integración Urbana vía verde dende Chapela a Urzaiz (fase I)	1.400.000,00	Non	0,00
18165070	Prog. renov. elementos iluminación viaria (eficiencia enerxética)	650.000,00	650.000,00	0,00
18153277	Humanización Praza de América	1.900.000,00	1.411.890,00	0,00
18171070	Parque infantil en Rúa G., de la Fuente (Instituto Calvario)	500.000,00	Non	0,00
18171071	Parque infantil Praza de Maruja Mallo	400.000,00	Non	0,00
18171072	Parque en Bouzas	200.000,00	Non	0,00
18323070	Cubrición patio colexio Canicouva	277.551,62	231.812,68	0,00
18323071	Cubrición patio colexio García Barbón	275.000,00	Non	0,00
18933070	Indemnización por liquidación do contrato Pazo de Congressos	4.000.000,00	4.000.000,00	4.000.000,00
		15.000.000,00		4.362.931,94

Aumentos de recadación derivados de cambios normativos no Concello de Vigo.

Aumentos permanentes de recadación como consecuencia dos acordos plenarios polos que se modifican as ordenanzas fiscais así como as reguladoras dos prezos públicos correspondentes.

Concepto de ingreso	Concepto orzamento	Porcentaxe	Recadación neta 2018	Aumento por cambios normativos
IBI Urbana	113	2,20 %	61.692.832,84	1.328.025,76
IBI características especiais	114	2,20 %	2.214.008,58	47.659,68
Imposto sobre Vehículos T.M.	115	2,20 %	12.534.092,12	269.814,12
IAE	130	2,20 %	13.108.418,49	282.177,31
Taxa Grandes Transportes	328	2,20 %	20.790,20	447,54
Taxa servizo cemiterios municipais	305	2,20 %	160.791,90	3.461,27
Taxa pola recollida do lixo	302	2,20 %	15.407.630,30	331.671,10
Taxa inmovilización retirada Vehículos	326	2,20 %	940.121,68	20.237,45
Taxa servizos sanidade desinfección	319	2,20 %	14.729,51	317,07
Taxa expedición documentos	325	2,20 %	313.561,72	6.749,86
Taxa visitas ao Vigozoo	34402	2,20 %	217.939,54	4.691,46



**CONCELLO DE VIGO**Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Prezo Público utilización instalacións deportivas	343	2,20 %	2.417.166,35	52.032,94
Prezo Público Escolas de Música	34205	2,20 %	64.771,88	1.394,31
Total				2.348.679,86

- Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

O cálculo do gasto computable do ano n-1 (2017) realizarase a partir da liquidación do Orzamento do devandito exercicio.

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquidación 2018 (5)
	Gasto computable Liquid. 2017 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2018 (3)	Límite regla de gasto (4)=(2)+(3)	
Fundación Marco	823.266,02	843.024,40	0,00	843.024,40	757.094,27
FAIMEVI	360.923,43	369.585,59	0,00	369.585,59	12.608,36
Concello de Vigo	201.713.759,81	206.554.890,05	2.348.679,86	208.903.569,91	227.418.307,67
Vigo Conv. Bureau	398.623,57	408.190,54	0,00	408.190,54	451.840,64
Xerencia Urbanismo	5.068.443,18	5.190.085,82	0,00	5.190.085,82	579.169,20
Total Gasto comput.	208.365.016,01	213.365.776,39	2.348.679,86	215.714.456,26	229.219.020,14

Taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española 2018	2,40 %
Límite máximo de gasto non financeiro (regla de gasto)	215.714.456,26
Gasto computable exercicio 2018	229.219.020,14
Diferencia entre o límite da Regra de Gasto e o Gasto computable (4)-(5)	-13.504.563,88

Polo anteriormente exposto, o Concello de Vigo -entidade local principal e entes dependentes clasificados como Administración Pública-, incumpriu o obxectivo da Regra de Gasto, xa que o gasto computable do exercicio 2018 superou o límite máximo de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra de gasto en 13.504.563,88 euros.

Sétimo.- Sustentabilidade financeira.**a) Cumprimento do límite de débeda.**

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,7% do PIB para o exercicio 2018.



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

O volume de débeda viva a 31.12.2018 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, deducidos os ingresos afectados e os que teñan carácter extraordinario, bota o seguinte dato:

Coeficiente de endebedamento	Importe
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto prazo (1)	0,00
Capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo (2)	0,00
Risco deducido de avais (3)	0,00
Importe da operación proxectada (4)	0,00
Volume total do capital vivo (5)=(1)+(2)+(3)+(4)	0,00
Ingresos correntes axustados (6)	243.097.179,38
Coeficiente de endebedamento (7)=((5)/(6))*100	0,00 %

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo, de considerar esta opción.

b) Débeda comercial. Período medio de pago.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A disposición transitoria única do Real Decreto 1040/2017, establece que a primeira publicación mensual do período medio de pago a provedores realizada de conformidade coa metodoloxía prevista na modificación do artigo 5 do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, terá lugar no mes de xuño de 2018 referida a os datos do mes de abril de 2018.

Polo tanto, a partir do mes de abril de 2018 considéranse como número de días de pago aos efectos do cálculo do valor do PMP correspondente, o número de días dende a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración, polo que en ningún caso o citado valor pode tomar valor negativo.

Deste xeito, durante o exercicio 2018 o PMP foi o seguinte:

Institución	Xaneiro	Febreir	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Set.	Outubr.	Nov.	Dec.
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	12,16	9,93	7,40
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	-7,96	64,49	109,34	52,96	85,82	58,69	83,31
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	15,75	7,41	26,63
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	8,29	7,63	9,80
PMP global	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	12,18	9,91	7,48
Metodoloxía de cálculo inicial				Nova metodoloxía de cálculo conforme ao RD 1040/2017								

Polo que o PMP global foi inferior ao prazo máximo de pago establecido na normativa en materia de morosidade.

Conclusións sobre o cumprimento dos obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.

A liquidación do Orzamento consolidado da entidade local, o organismo autónomo local Xerencia Municipal de Urbanismo, e as entidades dependentes do Concello de Vigo clasificadas como Administración Pública, que se inclúen na liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2018:

- ✓ Incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando una necesidade de financiamento (déficit do exercicio 2018) de 3.741.475,63 euros.
- ✓ Incumpre o obxectivo da Regra de Gasto, xa que o gasto computable do exercicio 2018 superou o límite máximo de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra de gasto en 13.504.563,88 euros.





CONCELLO DE VIGO

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- ✓ Cumpre co límite de débeda xa que non mantén débeda viva coas entidades financeiras a 31 de decembro de 2018, polo que o coeficiente de endebedamento é o 0%.
- ✓ O seu período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.

Causas do incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

O incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto no exercicio 2018, produciuse como consecuencia de aplicar ao peche de 2018 a totalidade do importe da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos na Avda. de Beiramar en Vigo¹ por un importe de 35.214.290,04 euros, operación non recorrente que non se replicará en futuros exercicios, dos que 23.614.920,04 euros financiáronse a través de modificacións orzamentarias financiadas con Remanente Líquido de Tesourería. Destes 23,6 millóns de euros, 4 proceden do superávit SEC-2010 obtido na liquidación do ano 2017, polo que non considérase gasto computable a efectos dá aplicación dá regra de gasto.

Neto do pago da liquidación e operacións asociadas, a liquidación orzamentaria cumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando una capacidade de financiamento ou superávit de 19.231.646,41 euros, e tamén cumpriría a regra de gasto, sendo a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable do exercicio de 5.468.558,15 euros.

Consecuencias do incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

O artigo 21 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración formulará un plan económico-financeiro (PEF) que permita no ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto co contido e alcance previstos na devandita lei.

Contido mínimo do PEF.

O Plan Económico-Financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

- As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.

¹Con data 13 de novembro de 2017, o Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, ditou auto declarando a apertura da fase de liquidación, o cese do Consello de Administración de Pazo de Congressos, que é substituído polo administrador concursal e a extinción do contrato concesional.



**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Pola súa banda, o artigo 20 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais determina respecto ao contido do plan económico-financeiro que conterà, entre outra información, a relación de entidades dependentes que conforman o perímetro de consolidación do subsector administracións públicas.

Respecto ao contido concreto do plan, o artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, ademais do contido a que se refire o seu artigo 21.2, establece como contido do plan a seguinte información:

- a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación, que deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.
- c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

Tramitación.

En canto á tramitación dos plans económico-financeiros o artigo 23 da LOEPSF, prescribe que os plans económico-financeiros deberán aprobarse polo Pleno da Corporación e, os correspondentes ás corporacións incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido de a Lei Reguladora das Facendas Locais, serán remitidos ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva e seguimento. Devanditos plans deberán ser presentados ante o Pleno no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, e deberán ser aprobados polo devandito órgano no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Os PEFs remitiranse para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e darase aos mesmos a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

En virtude do establecido polo artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, a entidade local debe remitir o presente informe ao órgano competente da Xunta de Galicia no prazo de 15 días, contados desde o seu coñecemento polo Pleno.

Conclusión.

**CONCELLO DE VIGO**

Intervención General
Tífn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2018, en aplicación do artigo 21 LOEPSF, o Concello de Vigo deberá formular un Plan Económico-Financeiro que permita o cumprimento dos citados obxectivos e regras fiscais, iniciándose no presente exercicio 2019 e finalizando no exercicio 2020. Este plan, unha vez aprobado polo Pleno da corporación, de acordo co disposto no artigo 23.4 LOEPSF, deberá ser remitido ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, dado que o Concello de Vigo atópase comprendido no ámbito de aplicación do artigo 111 TRLRHL e, no noso caso, a Xunta de Galicia ten competencias para o exercicio da tutela financeira das entidades locais.

En Vigo na data consignada ao marxe
O Interventor Xeral,
Asdo. Alberto Escariz Couso
documento asinado electrónicamente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/02/2019 08:55

Página 18 de 18

Expediente 99/143

CSV: 24E757-8F4442-BE532D-QC5QTP-GBV3PS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>